



XIII Limpeza simultânea de rios. Setembro 2020




Projeto Rios



XIII Limpeza Simultânea de Rios





O obxectivo desta actividade é chegar as persoas ao río e denunciar a contaminación e o deterioro dos mesmos, un dos problemas ambientais máis graves de Galiza.


ADEGA e Proxecto Ríos organizan esta Limpeza Simultánea de Ríos dende o ano 2007, confiando en que esta actividade sexa unha importante ferramenta na educación ambiental e concienciación cidadá cara a conservación dos ecosistemas fluviais.

O domingo 27 de setembro de 2020 realizouse a **XIII Limpeza Simultánea de Ríos** en 49 concellos de toda Galiza. En cada localidade a actividade foi coordinada por diferentes entidades, dende asociacións ecoloxistas, culturais... até fundacións, centros de ensino e concellos, chegando ás 64 entidades. Houbo concellos nos que participaron varias asociacións limpando diferentes ríos como foi o caso de Lugo, Gondomar, Ames ou Santiago de Compostela, entre outros. Este ano fíxose a limpeza en 61 treitos de río e participaron 891 persoas, unha boa participación para os tempos que corren.

Neste ano continúan a sumarse á iniciativa concellos, asociacións de pescadores, culturais, xuvenís, ecoloxistas... de moitos lugares de Galiza. Outros grupos levan participado nesta iniciativa dende o inicio, e ao longo destes trece anos podemos observar unha diminución de lixo nos treitos dos ríos apadriñados por estas entidades, aínda que en 2020 volveron a aparecer moitas rodas de automóbiles.

Para a xornada de voluntariado os participantes puideron consultar o Protocolo de Actuación que se pode descargar en PDF na seguinte ligazón <http://limpeza.proxectorios.org/limpeza-de-rios/> Este ano ademais, os participantes recibiron como agasallo unha máscara co lema da limpeza “Móllate polos ríos” .

Aínda se verten moitos residuos aos ríos. Desta volta recolléronse refugallos moi variados, e coma sempre abundaron os plásticos: botellas, garrafas, bolsas, sacos... Apareceron rodas, baterías e motores de automóbiles, cristais e latas; tamén pilas, restos de madeira, mobles, ferralla, algún televisor e entullos. Retiráronse uralitas, roupa, calzado, etc... As toallíñas húmidas para hixiene persoal volveron a aparecer en abundancia e este ano apareceron tamén algunha máscaras. É preciso reflexionar sobre o uso destes artigos, e aínda máis sobre o lugar que empregamos para desfacernos deles, xa que ao tiralos polo retrete rematan nos nosos ríos contaminando os cauces e ribeiras.




Calculamos que os residuos de tódolos concellos suman un total de máis de **16 toneladas**, pero debemos lembrar que o noso principal obxectivo non era este. O voluntariado ambiental non é man de obra barata que poida suplir o traballo da administración, pero si somos unha masa de xente que axuda a concienciar á sociedade. O voluntariado denuncia que a situación dos nosos ríos debe mudar, e para iso facemos actividades como esta. Os ríos non son vertedoiros, e hoxe débese fomentar o uso dos puntos limpos. Cada quen pode recapacitar ante esta situación e tamén reducir o seu consumo de plástico, utilizando botellas reutilizables, usando bolsas de tea, mellorando cada día un chisco este mundo maltratado. Promovemos este ano que cada voluntario e voluntaria levar as súas luvas de goma para evitar o uso das de látex ou vinilo, moito máis fráxiles, e que xeran máis residuos.

Dende ADEGA e Proxecto Ríos agradecemos o tempo e dedicación de todos os colectivos implicados na coordinación da limpeza na súa zona. Agradecer tamén aos concellos o compromiso na conservación dos ríos que atravesan os seus municipios, especialmente os concellos que apoiaron esta limpeza, que foron: A Estrada, Ames, Arzúa, Carballo, Fene, Gondomar, Meis, Melide, Nigrán, Ourense, Pol, Pontearreas, Pontevedra, Rianxo, Ribadumia, San Sadurniño, Salceda de Caselas, Santiago de Compostela, Teo, Tomiño, Verín e Xinzo de Limia.

Proxecto Ríos é un proxecto financiado por Augas de Galicia dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.


Pero sobre todo e ante todo queremos agradecer o traballo de todas as persoas que se meteron no seu río para limpalo e axudar entre todos e todas a denunciar e solucionar este gran problema. Sen vós isto non sería posible. Un ano máis a sociedade galega, **Mollouse polos Ríos!!**

Moitas Grazas!!




Na seguinte táboa pódense consultar os treitos de río limpados polo voluntariado, así como o número total de participantes e os quilos de lixo retirados:

Concello	Grupo	Voluntarios /as	Río	Kg
A Cañiza	Fundación MundoNatura	10	Deva	100
A Coruña	Asoc. Hortas do Val de Feáns	Adiada	Mesoiro	
	OMA UDC	7	Lagar	100
A Estrada	Asoc. A Xesteira	17	Vea	500
A Guarda	Asoc. A Jalleira	10	Tamuxe	100
Ames	Aula da Natureza do Concello de Ames	8	Rego dos Pasos Sar	30
A Merca	Asoc. Xuvenil Xoldreira	10	Arnoia	30
Ares	Asoc. Amigos do Mosteiro de Sta. Catalina de Montefaro	6	Frades	30
Arzúa	Asoc. Pescadores do Iso	8	Iso	180
As Pontes	Asoc. EuroEume	8	Eume	200
Betanzos	Fragas do Mandeo	9	Mendo	600
Camariñas	Mar de Fábula PX Costa da Morte	11	Do Porto	1700
Cangas do Morrazo	ADEGA-Morrazo	28	Bouzós Pontillón	1.000
Carral	Asoc. Brexa	42	Barcés	800
Carballo	ADEGA Carballo	5	Rosende	100
Catoira	Ecoloxistas de Catoira	25	Catoira	50
Cenlle	Asoc. Veciñal Lentille	8	Regato de Lentille	200
Culleredo	ADEGA Coruña	10	Rego do Trabe	100
Fene	AETNA	26	Baa	150
Gondomar	Concello de Gondomar	54	Miñor, Morgadáns Rasas	1.000
	Voluntariado Proxecto Ríos Gondomar	29	Miñor	450
Lousame	Fundacao Montescola	20	San Fins	10
Lugo	ADEGA Lugo UNED Coidemos Lugo	22	Rato Miño	1.000
Marín	Grupo Cultural Ronsel	9	Loira	125
Meis	Concello de Meis CPI Mosteiro	15	San Martiño	150
Melide	Asoc. Melidá	7	Furelos	500
Moaña	ADEGA-Morrazo	12	Rialdarca	
Navia de Suarna	Asco. Veciñal Irmandade Naviega	13	Navia	
Negreira-A Baña	Asoc. Afonso Eanes	14	Rego de Duomes	200
Nigrán	Concello de Nigrán/Oficina de Turismo	50	Miñor	500
O Porriño	Asoc. Valora Natura	10	Louro	50
Ourense	Ecovixiantes de Franciscanas	17	Miño	
	Aula da Natureza de Oira	Sen datos	Miño	
Parada de Sil	A Fábrica da Luz	10	Mao	25
Pol	Concello de Pol	Adiada	Azúmara	




XIII Limpeza Simultánea de Ríos

Ponteareas	Plataforma pola Defensa do Tea	22	Tea	300
Pontevedra	Vaipolorío Fundación Juan XXIII	23	Gafos	270
Redondela	AAVV de Chapela	40	Rego de Maceiras	2.000
	Asoc. Artelixo	60		
Rianxo	Concello de Rianxo	Adiada	Te	
Ribadumia	Colectivo Ecoloxista do Salnés	6	Umía	50
Salceda de Caselas	Asoc. Trezecatorze	22	Caselas	230
San Sadurniño	Concello de San Sadurniño	13	Castro	20
Santiago de Compostela	ADEGA Compostela Gentalha do Pichel AFA Montessori	44	Sarela Corgo Sar	500
Sarria	Asoc. Cultural Crearte	2	Sarria	30
Seoane do Courel	Fundación Uxío Novoneyra	3	Lor	15
Teo	Concello de Teo	11	Rego de Sestelo	500
Tomiño	Concello de Tomiño	25	Miño Da Pedra	85
	Asoc. A Taíña			
	Centro Terapéutico Alborada			
Valga	Muíño didáctico de campaña	14	Valga	140
Vilalba	ANPA CEIP Antonio Anxo Bermúdez	24	Magdalena	100
Verín	Asoc. CDR Portas Abertas	9	Támega	500
	Concello de Verín			
	Star Nature Watchers	5	Támega	150
Vigo	Asoc. Bidueiro	28	Lagares	1.200
Xinzo de Limia	Concellaría de Cultura e Mocidade	35	Limia	500
TOTAL- 49	64	891	61	16.570




XIII Limpeza Simultánea de Ríos




Pódese consultar os grupos de limpeza, ríos nos que se traballou e concellos na seguinte ligazón:

https://www.google.com/maps/d/edit?mid=12iN7sLxmHoe_Xt5B1mO2EDCFXkBwJ2Ec&usp=sharing



FOTOS DOS GRUPOS PARTICIPANTES



A Coruña- Oficina de Medio Ambiente da UDC




A Estrada- Asoc A Xesteira



A Guarda- Asoc. A Jalleira





A Cañiza- Fundación MundoNatura




Ames-Concello de Ames



Ares- Asoc. Amigos do Mosteiro de Sta. Catalina de Montefaro





Arzúa-Asoc. Pescadores do Iso.




As Pontes- Asoc. EuroEume



Betanzos- Fragas do Mandeo





Cangas-ADEGA-Morrazo




Carballo- ADEGA-Carballo



Carral-Asoc. Brexa





Catoira- Ecoloxistas de Catoira




Cenlle-Asoc. Veciñal Lentille



Celanova- A Xoldreira





Culleredo-ADEGA-Coruña




Fene- AETNA



Gondomar- Voluntariado Proxecto Ríos





Gondomar- Concello de Gondomar




Lugo- ADEGA-Lugo, UNED e Coidemos Lugo



Lousame- Fundação Montescola





Marín- Grupo Cultural Ronsel




Meis- CPI Mosteiro- Meis, Concellaría de Cultura e Concelo de Meis.



Melide-Asoc. Melidá





Navia de Suarna- Asoc. Veciñal Irmandade Naveiga




Negreira- Asoc. Afonso Eanes



Nigrán- Concello de Nigrán






O Porriño- Asoc. Valora Natura



Ourense- Ecovixiantes Franciscanas






Parada de Sil- A Fábrica da Luz



Ponteareas- Plataforma pola Defensa do Tea






Pontevedra- Vaipolorío e Fundación Juan XXIII



Redondela- AAVV Chapela - Asoc. Artelixo





Ribadumia- Colectivo Ecoloxista do Salnés




San Sadurniño- Concello de San Sadurniño



Santiago de Compostela-ADEGA-Compostela






Santiago de Compostela-Gentalha do Pichel




Santiago de Compostela. AFA Montessori





Salceda de Caselas- Asoc. Trezecatorce






Seoane do Courel- Fundación Uxío Novoneira



Teo- Concello de Teo





Tomiño- Concello de Tomiño




Valga- Muiño Didáctico de Campaña



Verín- Asoc. CDR Portas Abertas e Concello de Verín






Verín- Stars Nature Watchers



Vilalba- ANPA CEIP Antonio Anxo Bermúdez






Vigo- Asoc. Bidueiro



Xinzo de Limia- Concellaría de Cultura e Mocidade





Dossier de prensa

<https://www.vigopeques.com/mollate-polos-rios-limpieza-simultanea-de-rios-en-galicia/>



<https://vigoplan.com/eventos/mollate-polos-rios-limpieza-simultanea-de-rios/>

Publirreportajes

VIGO PLAN


Inicio > Eventos > Móllate polos Ríos | Limpieza Simultánea de Ríos



Móllate polos Ríos | Limpieza Simultánea de Ríos

El **Domingo 27 de Septiembre** tendrá lugar, en 45 localizaciones de Galicia, una limpieza simultánea de ríos. Un evento con fines medioambientales, que se repite cada año, y que favorece la belleza de nuestros ríos. "Móllate polos Ríos" será el lema de esta iniciativa.

El **Proxecto Ríos** se lleva celebrando desde el año 2008. El objetivo es el de realizar una Limpieza Simultánea de Ríos en numerosos ayuntamientos de Galicia. Es un día muy especial en el cual voluntarios y voluntarias salen a sus ríos para recoger la basura que atenta contra la riqueza de nuestros ecosistemas fluviales. El Proxecto Ríos se organiza en colaboración con diferentes entidades colaboradoras que coordinan a esas labores de limpieza.



<https://www.elcorreogallego.es/ocorreodaareadecompostela/ames-sumase-a-xiii-limpeza-simultanea-de-rios-promovida-por-adeqa-en-toda-galicia-LB4715951>

oCorreo da Área de Compostela

O Correo dos Concellos | Primer Plano | Opinión | Galicia | Santiago | Tendencias | Deportes | Última Hora | Más

23 SEP 2020 / 17:27

Ames súmase a XIII limpeza simultánea de ríos promovida por ADEGA en toda Galicia

Esta iniciativa desenvolverase este domingo, 27 de setembro, a partir das 10.30 horas // Trátase de concienciar sobre a importancia de coidar o medio ambiente

TEMAS

- MEDIO AMBIENTE
- LIXO
- RIOS
- AMES

Selecciona los que más te interesen y verás todas las noticias relacionadas con ellos en Mi Correo Gallego.

LO MÁS VISTO

- ¿Fue dueño de sus actos? Santiago Cepeda podría no pisar la prisión
- Coronavirus / Vexa a relación de positivos de covid por guarderías e centros educativos de toda Galicia
- El padre del pequeño Marcos da las gracias por el apoyo recibido

DOMINGO 27 DE SETEMBRO
PUNTO DE ENCONTRO: PRAZA DO CONCELLO
HORARIO: 10:30 13:00 H

Concello de AMES

Cartel móllate polos ríos 2020.

Ames. O Concello de Ames participa novamente na iniciativa “Móllate polos ríos”. Coordinada pola Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA), a actividade consiste na limpeza simultánea de lixo en distintos ríos e regatos de Galicia. Desde a Concellaría de Transición Ecolóxica e Medio Rural convidase á veciñanza amesa a participar desta iniciativa, que se desenvolverá este domingo, 27 de setembro, a partir das 10.30 horas. As persoas interesadas en participar poden inscribirse enviando un correo ao enderezo electrónico auladanatureza@concellodeames.gal.

<https://www.farodevigo.es/portada-deza-tabeiros-montes/2020/09/27/xesteira-couso-secundan-xiii-limpeza/2345972.html>

FARO DE VIGO

FDV+ | Gran Vigo | Galicia | Más Noticias | Deportes | Celta | Economía | Opinión | Cultura | Oci

Galicia | Elecciones en Galicia | Selectividad 2020 | Morrazo | Pontevedra | **Deza-Tabeirós-Montes** | Aro

CONCELLOS


Faro de Vigo » Deza-Tabeirós-Montes » Noticias de A Estrada

Noticias de A Estrada

A Xesteira y Couso secundan la XIII Limpeza Simultánea Móllate polos ríos

Limpian de basura la ruta de molinos del río Vea hasta la desembocadura en el Ulla

Silvia Pampín | 27.09.2020 | 21:18



<https://www.osil.info/parada-de-sil-verin-xinzo-e-ourense-na-xiii-limpeza-simultanea-mollate-polos-rios/>

OSIL.info

Inicio / Concellos / Parada de Sil, Verín, Xinzo e Ourense, na XIII Limpeza simultánea "Móllate polos ríos"

Concellos Última hora

Parada de Sil, Verín, Xinzo e Ourense, na XIII Limpeza simultánea "Móllate polos ríos"

Terá lugar o vindeiro 27 de setembro en diversos concellos de Galicia coa participación de voluntarios

26 de Setembro de 2020



Buscar ...

Publicidade



<https://www.cousasde.com/proxecto-mollate-polos-rios-retiran-media-tonelada-de-lixo-do-río-muiños-en-nigrán/>

Inicio > Val Miñor > Nigrán > 'Proxecto Móllate polos Ríos'. Retiran media tonelada de lixo do río Muiños...

VAL MIÑOR NIGRÁN


ETIQUETAS Actualidade Galicia Solidaria Medio Ambiente

'Proxecto Móllate polos Ríos'. Retiran media tonelada de lixo do río Muiños en Nigrán

By Redacción 28 Setembro, 2020

Compartir





https://www.cope.es/emisoras/galicia/a-coruna-provincia/ferrol/ferrol-ocio-y-cultura/noticias/san-sadurnino-organiza-una-ruta-senderismo-una-jornada-limpieza-los-rios-20200922_905345



San Sadurniño organiza una ruta de senderismo y una jornada de limpieza de los ríos

Será el domingo 27 jornada en la que se lleve a cabo la Ruta do Castro y la actividad "Móllate polos ríos" de ADEGA




https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/carballo/2020/09/25/carballo-participara-limpieza-simultanea-proxecto-rios/0003_202009C25C6991.htm



Carballo participará en la limpieza simultánea de Proxecto Ríos

Medio ambiente | Será el domingo, en una iniciativa promovida por la entidad ecologista Adegga





<https://www.laregion.es/articulo/ourense/voluntarios-ourensanos-sensibilizan-rios/20200930225423975828.html>

Voluntarios ourensanos se sensibilizan con los ríos





<http://xornaldevigo.gal/val-minor/gondomar/57691-gondomar-sumase-a-limpeza-simultanea-de-rios-en-toda-galicia-organizada-por-adega/>

Gondomar súmase á limpeza simultánea de ríos en toda Galicia organizada por Adegas

O ano pasado foron recollidos 800 kilogramos de lixo.


Por **Iago Codesido** - 23 Setembro, 2020





Páxina web da limpeza

<http://www.proxectorios.org/limpeza>



Móllate polos ríos

Limpezas de río

Participantes 2020

Colaboradores 2020

Limpezas Realizadas

Móllate polos ríos

Web de ADEGA e Proxecto Ríos



Inicio / Novas / Educación ambiental / Resultados da XIII Limpeza Simultánea de Ríos

30-09-2020

Resultados da XIII Limpeza Simultánea de Ríos



O domingo 27 de setembro de 2020 realizouse a XIII Limpeza Simultánea de Ríos en 49 concellos de toda Galiza. En cada localidade a actividade foi coordinada por diferentes entidades, dende asociacións ecoloxistas, culturais... até fundacións, centros de ensino e concellos, chegando ás **64 entidades**. Houbo concellos nos que participaron varias asociacións limpando diferentes ríos como foi o caso de Lugo, Gondomar, Ames ou Santiago de Compostela, entre outros. Este ano fíxose a limpeza en **60 treitos de río** e participaron **880 persoas**, unha boa participación para os tempos que corren.

Neste ano continúan a sumarse á iniciativa concellos, asociacións de pescadores, culturais, xuvenís, ecoloxistas... de moitos lugares de Galiza. Outros grupos levan participado nesta iniciativa dende o inicio, e ao longo destes trece anos podemos observar unha diminución de lixo nos treitos dos ríos apadriñados por estas entidades, aínda que en 2020 volveron a aparecer moitas rodas de automóviles.

Aínda se verten moitos residuos aos ríos

Desta volta recolléronse refugallos moi variados, e coma sempre abundaron os plásticos: botellas, garrafas, bolsas, sacos... Apareceron rodas, baterías e motores





ESTADO DA ACTIVIDADE:	Finalizada
DATA DE INICIO:	04/08/2020
DATA DE FINALIZACIÓN:	27/09/2020
ORGANIZADORES:	Proxecto Ríos
CATEGORÍA:	Limpeza De Ríos

ADEGA e o Proxecto Ríos agradecen o apoio e financiamento das seguintes entidades e dos 22 concellos que axudaron na XIII limpeza simultánea de ríos.


Colaboradores 2020

Organiza:



Promove:





Concellos



Concello de A Estrada



Concello de Ames



Concello de Arzúa



Concello de Carballo



Concello de Fene



Concello de Gondomar



Concello de Meis



Concello de Melide



Concello de Nigrán



Concello de Ourense



Concello de Pol



Concello de Ponteareas



Concello de Rianxo



Concello de Salceda de Caselas



Concello de Teo



Concello de Tomiño



Concello de Verín



Concello de Ribadumia



Concello de Santiago de Compostela



Concello de Xinzo de Limia



Concello de San Sadurniño



Concello de Pontevedra